

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

15772 *Orde ICT/1020/2021, do 24 de setembro, pola que se modifica o anexo I.1 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

A Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, na súa disposición derradeira primeira, habilita os «ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa, de Economía e Facenda e do Interior, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para a súa execución e desenvolvemento». En cumprimento da dita disposición derradeira primeira ditouse o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, modificado polo Real decreto 494/2020, do 28 de abril, e a Orde IT/697/2019, do 25 de xuño, pola que se actualizan os anexos do regulamento.

O número 1 da disposición derradeira cuarta do citado real decreto establece que o ministro de Economía e Competitividade (cuxas competencias nesta materia son exercidas actualmente pola ministra de Industria, Comercio e Turismo), logo de informe da Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (XIMDDU), poderá actualizar o contido dos anexos I, II, III, IV e V do regulamento de acordo cos cambios aprobados nos organismos internacionais, nos tratados internacionais, nos réximes internacionais de non proliferación e control das exportacións e na normativa da Unión Europea.

A adopción da Directiva delegada (UE) 2021/1047 da Comisión, do 5 de marzo de 2021, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á actualización da lista de produtos relacionados coa defensa, en consonancia coa Lista común militar da Unión Europea actualizada do 17 de febreiro de 2020, implica modificacións que afectan os produtos descritos no anexo I.1 do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, e, polo tanto, cómpre modificar o dito número 1 do anexo I, e este é o obxecto desta orde.

Esta norma axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao levar a cabo a transposición da Directiva delegada (UE) 2021/1047 da Comisión, do 5 de marzo de 2021, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á actualización da lista de produtos relacionados coa defensa en consonancia coa Lista común militar da Unión Europea actualizada do 17 de febreiro de 2020. En particular, esta norma cumpre co principio de necesidade, xa que coa transposición da citada directiva os Estados membros aplicarán as disposicións desta transposición a partir do 7 de outubro de 2021, e a modificación do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso resulta a vía máis eficaz para levar a cabo a transposición de forma transparente e adecuada co principio de seguridade xurídica. Ademais, esta norma resulta conforme co principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para levar a cabo a transposición e non xera cargas administrativas.

A XIMDDU emitiu informe favorable sobre a orde na súa reunión do 30 de xullo de 2021.

Así mesmo, realizouse o trámite de audiencia e información pública, tal e como está establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, de acordo co ditame do Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

O Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 1. Introdúcese a letra e) na nota de exclusión da alínea a) e queda redactada como segue:

«a. Fusís e armas combinadas, armas curtas, metraladoras, fusís metraladores e armas multitubo;

Nota: O subartigo 1.a non se aplica ao seguinte:

- a. Fusís e armas combinadas manufacturados con anterioridade a 1938;
- b. Reproducións de fusís e armas combinadas, cuxos orixinais foron manufacturados con anterioridade a 1890;
- c. Escopetas, armas multitubo e metraladoras manufacturadas con anterioridade a 1890 e as súas reproducións;
- d. Fusís ou armas curtas, deseñados especialmente para disparar proxectís inertes con aire comprimido ou CO₂.
- e. Armas curtas deseñadas especialmente para calquera dos seguintes usos:
 1. Sacrificio de animais domésticos ou
 2. Sedación de animais;»

Dous. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 2. Modifícase e queda como segue:

«Armas con canón de ánima lisa cun calibre igual ou superior a 20 mm, outras armas ou armamento cun calibre superior a 12,7 mm (calibre de 0,50 polgadas), proxectores deseñados especialmente ou modificados para uso militar e accesorios, segundo se indica, e compoñentes deseñados especialmente para eles:

a. Armas de fogo (incluídas as pezas de artillaría), obuses, canóns, morteiros, armas contracarro, lanzaproxectís, lanzachamas, fusís, fusís sen retroceso e armas de ánima lisa;

Nota 1: O subartigo 2.a inclúe inxectores, aparellos de medida, tanques de almacenamento e outros compoñentes deseñados especialmente para seren usados con cargas de proxección líquidas, para calquera dos equipamentos especificados no subartigo 2.a.

Nota 2: O subartigo 2.a non se aplica ás armas seguintes:

- a. Fusís, armas con canón de ánima lisa e armas combinadas manufacturados con anterioridade a 1938;
- b. Reproducións de fusís, armas con canón de ánima lisa e armas combinadas, cuxos orixinais foron manufacturados con anterioridade a 1890;
- c. Armas de fogo (incluídas as pezas de artillaría), obuses, canóns e morteiros manufacturados con anterioridade a 1890;

d. Armas con canón de ánima lisa usadas no tiro deportivo ou na caza. Estas armas non deben estar deseñadas especialmente para o uso militar nin seren de tipo totalmente automático;

e. Armas con canón de ánima lisa deseñadas especialmente para calquera dos usos seguintes:

1. Sacrificio de animais domésticos;
2. Sedación de animais;
3. Ensaio sísmicos;
4. Lanzamento de proxectís industriais, ou
5. Desactivación de dispositivos explosivos improvisados;

N. B.: Para os desactivadores, véxanse o artigo 4 e o artigo 1A006 na Lista de produtos de dobre uso da UE.

f. Lanzadores portátiles de proxectís deseñados especialmente para o lanzamento de proxectís retidos por cables sen carga explosiva elevada nin enlace de comunicacións, nun raio inferior ou igual a 500 m.

b. Proxectores deseñados especialmente ou modificados para uso militar, segundo se indica:

1. Proxectores para botes de fume;
2. Proxectores para cartuchos de gas;
3. Proxectores para material pirotécnico;

Nota: O subartigo 2.b non se aplica ás pistolas de sinalización.»

Tres. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 4. A letra a) queda como segue:

«a. Bombas, torpedos, granadas, botes de fume, foguetes, minas, mísiles, cargas de profundidade, cargas de demolición, dispositivos de demolición, equipamentos de demolición, "produtos pirotécnicos", cartuchos e simuladores (é dicir, equipamento que simule as características de calquera destes materiais), deseñados especialmente para uso militar;

Nota: O subartigo 4.a inclúe:

- a. Granadas fumíxenas, bombas incendiarias e dispositivos explosivos;
- b. Tobeiras de foguetes ou mísiles e puntas de oxiva de vehículos de reentrada.»

Catro. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 5. A letra b) queda como segue:

«b. Outros sistemas de dirección de tiro, vixilancia e aviso, e sistemas relacionados, segundo se indica:

1. Sistemas de adquisición, de designación, de indicación de alcance, de vixilancia ou rastreamento do albo;
2. Equipamento de detección, recoñecemento ou identificación;
3. Equipamento de fusión de datos ou de integración de sensores;»

Cinco. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 6. Modifícase na súa totalidade e queda como segue:

«Vehículos terrestres e compoñentes, segundo se indica:

N.B. Para equipamentos de guía e navegación, véxase o artigo 11.

a. Vehículos terrestres e compoñentes para eles, deseñados especialmente ou modificados para uso militar;

Nota 1: O subartigo 6.a inclúe:

a. Carros e outros vehículos militares armados e vehículos militares equipados con soportes para armas ou equipamentos para sementar minas ou lanzar municións sometidas a control no artigo 4;

b. Vehículos blindados;

c. Vehículos anfibios e vehículos que poidan vadear augas profundas;

d. Vehículos de recuperación e vehículos para remolcar ou transportar municións ou sistemas de armas e equipamento de manipulación de carga relacionado;

e. Remolques.

Nota 2: A modificación dun vehículo terrestre para uso militar especificado no subartigo 6.a comporta un cambio estrutural, eléctrico ou mecánico que afecte un, ou máis, compoñentes deseñados especialmente para uso militar. Tales compoñentes inclúen:

a. Os pneumáticos a proba de bala;

b. Protección blindada de partes vitais (por exemplo, tanques de combustible ou cabinas de vehículos);

c. Reforzos especiais ou monturas para armas;

d. Iluminación velada.

b. Outros vehículos terrestres e compoñentes, segundo se indica:

1. Vehículos con todas as características seguintes:

a. Manufacturados ou acondicionados con materiais ou compoñentes para proporcionarlles protección balística a nivel III (NIJ 0108.01, setembro de 1985, ou "normas equivalentes");

b. Con tracción simultánea nas rodas dianteiras e traseiras, incluídos os vehículos que teñan rodas adicionais para soportar a carga, con independencia de que estas últimas teñan ou non tracción;

c. Vehículos de masa máxima tecnicamente admisible superior a 4 500 kg e

d. Vehículos deseñados ou modificados para uso fóra de estradas;

2. Compoñentes con todas as características seguintes:

a. Deseñados especialmente para os vehículos especificados no subartigo 6.b.1. e

b. Cunha protección balística de nivel III (NIJ 0108.01, setembro de 1985, ou "normas equivalentes").

N.B. Véxase tamén o subartigo 13.a.

Nota 1: O artigo 6 non se aplica a vehículos civís deseñados ou modificados para o transporte de diñeiro ou valores.

Nota 2: O artigo 6 non se aplica aos vehículos que teñan todas as características seguintes:

a. Que fosen manufacturados con anterioridade a 1946;

b. Que non inclúan artigos especificados na Lista común militar da UE e manufacturados con posterioridade a 1945, salvo que se trate de reproducións de compoñentes e accesorios para o vehículo, e

c. Que non incorporen armas especificadas nos artigos 1, 2 ou 4, a menos que non funcionen nin poidan disparar proxectís.»

Seis. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.a.6. Modifícase como segue:

«6. DADE (1,1-diamino-2,2-dinitroetileno, FOX-7) (CAS 145250-81-3);»

Sete. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.a.33. Modifícase como segue:

«33. "Explosivos" non incluídos no subartigo 8.a, e con algunha das características seguintes:

- a. Unha velocidade de detonación superior a 8 700 m/s, a máxima densidade, ou
- b. Unha presión de detonación superior a 34 GPa (340 kbar);»

Oito. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categorías 8.a.36 e 8.a.37. Modifícanse como segue:

«36. TEX (4,10-dinitro-2,6,8,12-tetraoxa-4,10-diazaisowurtzitano);
37. GUDN (guanilurea dinitramida) FOX-12 (CAS 217464-38-5);»

Nove. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.a.43. Inclúese un novo compoñente no número 43.

«43. TKX-50 (Dihidroxilamonio 5,5'-bistetrazol-1,1'-diolato);»

Dez. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 8.c.12. Modifícase para incluír unha nova nota.

«Nota: O subartigo 8.c.12 inclúe as termitas.»

Once. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 9.a.1. Modifícase para incluír unha nova nota.

«Nota: O subartigo 9.a.1 inclúe os vehículos deseñados especialmente ou modificados para o transporte de mergulladores.»

Doce. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categorías 9.a.2, 17.h, 17.m e 17.p. Modifícanse como segue:

«9.a.2 Buques de superficie, non especificados en 9.a.1, con un ou varios dos seguintes elementos fixados ou integrados no buque:

17.h Equipamento e material, revestido ou tratado para a supresión da sinatura, deseñado especialmente para uso militar, non especificado en ningunha outra parte da Lista común militar da UE;

17.m Transbordadores, non especificados en ningunha outra parte da Lista común militar da UE, pontes e pontóns deseñados especialmente para uso militar;»

Trece. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 9.b.3. Modifícase como segue:

«9.b.3 Motores diésel que teñan todas as características seguintes:

- a. potencia de 37,3 kW (50 CV) ou máis, e
- b. cuxo contido "amagnético" exceda o 75 % da súa masa total;

Nota técnica:

Para efectos do subartigo 9.b.3, "amagnético" significa que a permeabilidade relativa é inferior a 2.»

Catorce. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 9.h. Inclúese un novo elemento de control como segue:

«9.h Equipamento nuclear xerador de potencia ou propulsión, deseñado especialmente para buques especificados no subartigo 9.a, e compoñentes para eles deseñados especialmente ou "modificados" para uso militar;

Nota técnica:

Para efectos do subartigo 9.h., "modificación" significa un cambio estrutural, eléctrico, mecánico ou outro que confira a un material non militar capacidades militares equivalentes ás dun material deseñado especialmente para uso militar.

Nota: O subartigo 9.h inclúe os "reactores nucleares".»

Quince. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 10. Modifícase a nota 5 como segue:

«Nota 5: O subartigo 10.a non se aplica ás "aeronaves" nin aos "vehículos máis lixeiros que o aire" que teñan todas as características seguintes:

- a. Ter sido manufacturados por primeira vez con anterioridade a 1946;
- b. Non incorporar artigos especificados no presente anexo, salvo que os ditos artigos sexan necesarios para cumprir as normas de seguridade ou de navegabilidade das autoridades de aviación civil de un ou máis Estados membros da UE ou Estados participantes no Arranxo de Wassenaar, e
- c. Non incorporar armas especificadas no presente anexo, a menos que sexan inservibles e non se poidan volver facer funcionar.»

Dezaseis. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 10. Inclúese unha nova nota, referenciada co número 6, como segue:

«Nota 6: O subartigo 10.d non se aplica aos motores aeronáuticos de propulsión manufacturados por primeira vez con anterioridade a 1946.»

Dezasete. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 11.b. Modifícase como segue:

«11.b Equipamento para interferencia intencionada de "sistemas de navegación por satélite" e compoñentes deseñados especialmente para ese equipamento;»

Dezaoito. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 13. Modifícanse o parágrafo 13.d.2 e a nota 4 como segue:

«13.d.2 Placas ríxidas para traxes blindados que proporcionen protección antibalas de nivel igual ou superior ao nivel III (NIJ 0101.06, xullo de 2008) ou "normas equivalentes"».

Nota 4: Os únicos cascos deseñados especialmente para o persoal de desactivación de explosivos que están especificados no subartigo 13.c son os cascos deseñados especialmente para uso militar.»

Dezanove. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 17.g. Modifícase como segue:

«17.g Equipamento nuclear xerador de potencia ou propulsión, non especificado en ningunha outra parte, deseñado especialmente para uso militar e compoñentes para eles deseñados especialmente ou "modificados" para uso militar;

Nota: O subartigo 17.g inclúe os "reactores nucleares".»

Vinte. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 18. O título da categoría modifícase como segue:

«Equipamento de "producción", instalacións de ensaio ambiental e compoñentes, segundo se indica:»

Vinte e un. Anexo I.1 Material de defensa en xeral. Categoría 21. As letras b e c modifícanse como segue:

«21.b "Equipamento lóxico" específico distinto do especificado no subartigo 21.a, segundo se indica:

1. "Equipamento lóxico" deseñado especialmente para uso militar e deseñado especialmente para a modelización, a simulación ou a avaliación de sistemas de armas militares;
2. "Equipamento lóxico" deseñado especialmente para uso militar e deseñado especialmente para a modelización, a simulación ou a avaliación de escenarios de operacións militares;
3. "Equipamento lóxico" destinado a determinar os efectos das armas de guerra convencionais, nucleares, químicas ou biolóxicas;
4. "Equipamento lóxico" deseñado especialmente para uso militar e deseñado especialmente para aplicacións de mando, comunicacións, control e intelixencia (C3I) ou de mando, comunicacións, control, informática e intelixencia (C4I);
5. "Equipamento lóxico" deseñado especialmente ou modificado para a realización de ciberoperacións ofensivas militares;

Nota 1: O subartigo 21.b.5 inclúe o "equipamento lóxico" deseñado para destruír, danar, degradar ou desactivar sistemas, equipamento ou "equipamento lóxico" especificados no presente anexo, e o "equipamento lóxico" para o recoñecemento cibernético e o mando e control cibernéticos destes.

Nota 2: O subartigo 21.b.5 non se aplica á "divulgación da vulnerabilidade" nin á "resposta en caso de incidente cibernético", con limitación á preparación ou resposta non militares en materia de ciberseguridade defensiva.

21.c "Equipamento lóxico" non especificado nos subartigos 21.a ou 21.b, deseñado especialmente ou modificado para capacitar equipamentos, non especificados no presente anexo, para desenvolver as funcións militares dos equipamentos especificados no presente anexo.

N. B.: Véxanse os sistemas, equipamentos ou compoñentes especificados no presente anexo como "ordenadores dixitais" de uso xeral que leven instalado un "equipamento lóxico" especificado no subartigo 21.c.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante a presente orde queda trasposta ao ordenamento xurídico español a Directiva delegada (UE) 2021/1047 da Comisión, do 5 de marzo de 2021, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á actualización da lista de produtos relacionados coa defensa en consonancia coa Lista común militar da Unión Europea actualizada do 17 de febreiro de 2020.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día 7 de outubro de 2021.

Madrid, 24 de setembro de 2021.–A ministra de Industria, Comercio e Turismo, María Reyes Maroto Illera.